

I CONGRESO GALEGO DE EDUCACIÓN INFANTIL 0-3

AS BOAS PRÁCTICAS NA EDUCACIÓN INFANTIL

DATAS

27, 28 e 29 de xuño de 2008.

DESTINATARIOS/AS

Persoal das escolas infantís.

OBXECTIVOS

- Servir de punto de encontro a profesionais que desenvolven o seu traballo no primeiro ciclo da educación infantil.
- Facilitar o coñecemento de experiencias que se están desenvolvendo no ámbito da educación infantil.
- Crear un foro de discusión teórica e práctica sobre a educación infantil.
- Ofrecer técnicas de aplicación nas aulas.
- Coñecer os últimos avances no ámbito da educación infantil.

CONFERENCIAS PLENARIAS

Diversas persoas de recoñecido prestixio axudarannos a facer unha reflexión teórica e práctica sobre a situación da educación infantil 0-3 e a importancia dunhas boas prácticas no traballo das escolas infantís.

Relatores:

- Lois Ferradás, decano da Facultade de Ciencias da Educación da USC.
- Quinto Borghi, coordinador pedagóxico das escolas infantís de Módena.
- Vicens Arnaiz, psicólogo.
- Miguel A. Zabalza, catedrático de Didáctica e Organización Escolar da USC.

PANEIS DE EXPERIENCIAS

Un dos obxectivos do Congreso é o de facilitar o coñecemento de experiencias que se están desenvolvendo no ámbito da educación infantil, e iso preténdese conseguir cos paneis de experiencias en que, a partir de pequenas comunicacións, moitas escolas infantís poidan poñer en común experiencias, reflexións e ideas sobre a súa práctica cotiá.

OBRADOIROS

Desenvolverase algunha sesión de obradoiros alternativos sobre temas de interese para o traballo na educación infantil:

- Expresión dramática e educación infantil.
- Xogo heurístico.
- Animación á lectura.
- A música na educación infantil.

ORIENTACIÓNS PARA A PRESENTACIÓN DE EXPERIENCIAS

Para achegar unha experiencia ao I Congreso Galego de Educación Infantil 0-3 deberase presentar nun documento de texto en formato word ou writer, cunha extensión máxima de 4 folios tamaño din A4 e cun tipo de letra Arial de 10 puntos.

As imaxes que se queiran xuntar para complementar a descrición da experiencia deberanse enviar en arquivos separados en formato jpg ou tiff, a unha resolución de 300ppp.

Tanto o texto como as imaxes deberán presentarse impresas en papel e mais en formato dixital identificando no documento impreso o nome do seu referente no arquivo dixital.

Como orientación suxírese que o documento se estructure segundo o guión que se xunta a continuación, aínda que se pode adaptar segundo o tipo de experiencia.

GUIÓN PARA A PRESENTACIÓN DE EXPERIENCIAS:

TÍTULO.

Deberá ser curto e claro, que permita identificar doadamente cal é o contido principal da experiencia que se vai describir.

OBXECTIVOS.

Indicar 4 ou 5 que describan claramente que se pretendía conseguir coa realización da experiencia.

ANTECEDENTES DA EXPERIENCIA.

Describir brevemente a orixe do proxecto, como xurdiu a idea de traballar neste tema, que outras experiencias anteriores influiron no deseño desta, etc.

COLECTIVOS AOS QUE VAI DIRIXIDA.

Indicar se a actuación principal vai dirixida á organización do traballo do profesorado, á intervención coas familias, ao alumnado de diferentes idades, etc.

DESENVOLVEMENTO.

Pequena descrición do que fixemos que, segundo o tipo de experiencia, poderemos especificar nos seguintes apartados:

1. METODOLOXÍA EMPREGADA.

Indicar de maneira xenérica con que metodoloxía, ou de que xeito organizamos o traballo que se vai desenvolver.

2. PRINCIPAIS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS.

É o elemento fundamental da experiencia polo que deberán estar descritas con claridade e concisión e permitir a calquera persoa allea á experiencia entender como se desenvolveu. Tamén debería permitir ás persoas que o lean, adaptar esa experiencia ao seu contexto.

3. ESPAZOS EMPREGADOS.

Indicar en que lugar se desenvolveu a actividade e como se organizaron eses espazos.

4. TEMPORIZACIÓN.

Indicar canto tempo durou a experiencia e que se fixo en cada unha das fases.

5. RECURSOS:

1. Humanos. Cómpre indicar as persoas que participaron e as funcións que realizaba cada una: coordinación, colaboración das familias (ou dalgún pai ou nai), atención aos nenos mentres se desenvolvía unha actividade doutro tipo, etc.
2. Materiais. Cómpre indicar os materiais que se empregaron, como se conseguiron, como se organizaron, etc.

AVALIACIÓN

1. XEITO DE REALIZALA.

Indicar o procedemento de recollida da información, enquisas, preguntas aos familiares, observación, rexistro fotográfico, etc.

2. PRINCIPAIS RESULTADOS.

Presentar datos dos resultados obtidos se os temos rexistrados de maneira gráfica ou opinións dos participantes ou das súas familias, etc.

3. EIVAS FUNDAMENTAIS.

Para valorar en toda a súa dimensión unha experiencia resulta imprescindible coñecer as dificultades que se atoparon no seu desenvolvemento e como se resolveron.

4. PROXECCIÓN DE FUTURO.

Indicar que posibilidade de continuación ten a experiencia, que novas actuacións se suxiren cara ao futuro para completar o traballo realizado, que novas liñas de actuación parecen abrirse, etc.

PROFESIONAIS QUE REALIZARON O PROXECTO.

Indicar os/as autores/as do proxecto.